

Colombia: escenario de guerra, futuro de paz

Enrique Posada Cano

Cando se fala ou se escribe acerca da violencia en Colombia, adoita facerse referencia a dous períodos claramente diferenciados: un, o da violencia dos anos 1950 do século pasado, e o outro, o que se dá ao final dos anos 1960. Non poucos historiadores colombianos coinciden en sinalar como factor detonante da antiga violencia o asasinato do líder do Partido Liberal Jorge Eliécer Gaitán, ocorrido o 9 de abril de 1948⁽¹⁾, que deu lugar á explosión de masas coñecida como “o bogotazo”, mentres que o segundo período caracterízase polo auxe de correntes anti-norteamericanas e da influencia da revolución cubana.

Adoita afirmarse que o magnicidio cometido na persoa de Gaitán partiu en dúas a historia do país, o cal fala da magnitude do acontecemento.

Unha vez que eses xentíos se decatan da morte de Gaitán e, cegas de odio e sedentas de vinganza, se lanzan ás principais rúas do centro da capital, Bogotá, non hai ninguén, nin un sucesor nin moito menos un Partido que sexan capaces de orientar aquelas cara a un obxectivo claro e preciso: a conquista do poder estatal. Ocupaba a presidencia da República un representante do Partido Conservador, Mariano Ospina Pérez, a quen as turbas, alentadas por voceiros do Partido Liberal e da esquerda, sinalaron como o responsable do magnicidio.

As multitudes gaitanistas dirixiron os seus pasos cara o Palacio presidencial, onde foron repelidas polas tropas gobernamentais. A represión foi a sangue e lume. Miles de fiéis gaitanistas que quedaron orfos de liderado, pois o liberalismo carecía de credibilidade e o Partido Comunista opúxose radicalmente a Gaitán, foron fácil presa de escuras forzas que se encargaron de endereitar os seus pasos cara accións de saqueo e vandalismo que reforzaron o aliñamento dos chamados xefes naturais do Partido Liberal co conservantismo no poder.

Ese enfurecido e anárquico xentío emprendeu unha marcha suicida cara o Palacio presidencial, incendiando edificios, enfrontándose, coas armas que tiñan á man, ao poder conservador fortemente custodiado polas tropas regulares. Nunca se saberá cantos mortos houbo nese fatídico 9 de abril de 1948, pero o que quedou patente en fotografías e documentais foi a destrución e o arrasamento da cidade.

(1) TORRES GIRALDO, Ignacio: *Los Inconformes, Historia de la Rebeldía de las masas en Colombia*, volume 5, Editorial Margen Izquierdo, xullo de 1974, Bogotá, páxinas 28, 290 e 291.

Antecedentes inmediatos do 9 de abril

Cal era a situación política e social inmediatamente anterior ao 9 de abril de 1948? A loita sen tregua nin conmiseración entre os dous Partidos chamados tradicionais, o Liberal e o Conservador, deuse durante os anos e décadas anteriores cun marcado acento de intolerancia e violencia, tal foi o legado da contenda entre faccións partidistas, que viña desde o século XIX e que afundía as súas raíces nas diverxentes concepcións sobre o Estado sostidas por distintos próceres da independencia.

Un e outro partidos buscaban afanosamente, e por todos os medios, chegar ao poder desprazando o adversario. Nesta pugna todos os medios eran válidos. Con cada vitoria dun partido e a súa entronización no poder inaugurábase unha etapa de “hexemonía”, é dicir, en cada ocasión a fracción partidaria triunfante sabía que, unha vez conquistada a presidencia, non se trataba de mantela nas súas mans por un só período senón de prolongala de modo indefinido, e entón declaráballe ao seu contrario unha especie de guerra non declarada.

Os conservadores, ao chegar ao poder en 1946, logo de 16 anos de dominio hexemónico do Partido Liberal, iniciaron unha persecución a matar contra o liberalismo. Co goberno de Ospina Pérez comezou, en realidade, algo que podería identificarse como as primeiras forzas para-militares no país: foi a constitución, baixo o amparo dos gobernos nacional e seccionais, de grupos ou bandas de asasinados que, con lista en man dos sentenciados a matar, procedían a executalos. Isto converteuse en azoute das zonas rurais en particular.

Ata este momento histórico existe na nación unha violencia cruel pero soterrada, mais non aparece aínda o fenómeno das guerrillas, que serían chamadas pola clase dirixente co mote de “bandoleirismo”. Baixo este cualificativo, os conservadores acubillan todo brote de resposta ou resistencia á onda de matanzas levada a cabo polos “paxaros”⁽²⁾, nome con que foron designados os matóns do Partido Conservador. Situamos aquí, no seu momento, esa violencia procedente das filas deste partido, pero iso non significa que os liberais non respondesen coa mesma barbarie. Con esta cruenta guerra non declarada cargan as bases de militantes, pois os dirixentes, refuxiados nas grandes cidades, non se contaminan coa pólvora da refrega.

Unha importante coincidencia co atentado contra Gaitán foi a reunión en Bogotá da Conferencia Panamericana, que había de ser o preámbulo da creación da Organización de Estados Americanos (OEA). Gaitán non foi convidado a ese evento, pois para a clase dirixente aquel era un perigoso dirixente comunista. Vale aquí recordar que eses momentos estaban marcados pola conxuntura da “guerra fría”, para entender como calquera simulacro de disensión respecto do imperio norteamericano e do goberno de quenda era visto como sinal de desviación cara o comunismo.

(2) *Ibid*, páxinas 283 e 284.

Logo da morte de Gaitán

A persecución desde o aparello governamental contra gaitanistas e liberais, nunha caza implacable de todos aqueles que supostamente organizaran as sublevacións e a destrución de cidades, non se fixo esperar. Os liberais, pero sobre todo os gaitanistas, ficaran nunha orfandade absoluta, carecían dunha cabeza visible, porque o caudillo nunca pensou en crear un equipo de cadros capaces de afrontar situacións como a súa propia desaparición.

En canto a outras instancias, tales como o Directorio Liberal, este tíñase encargado de contribuír á salvación do goberno cando este encarou o caos e a furia das multitudes. Así, que restaba como recurso para as masas gaitanistas? Nada nin ninguén, pois o grupúsculo que conformaba o Partido Comunista de Colombia carecía de influencia política. Como resposta ás accións represivas do goberno, aumentaron as das guerrillas liberais, sobre as cales pretendían exercer influencia os dirixentes do Partido Liberal, desde as cidades, pero nas que se reflectía, por encima de todo, unha condución autónoma de cada xefe guerrilleiro sobre as súas forzas e as súas zonas de influencia.

A Mariano Ospina Pérez sucedeuno no poder un dirixente que se situaba aínda máis á dereita, Laureano Gómez, o máis raiboso opositor de Gaitán, cuxa palabra incendiaria desde o Parlamento resultaba temible para os liberais. Gómez gañou a presidencia en 1950. Afectado, con todo, por unha grave enfermidade, tivo que ceder o mando ao delegado presidencial Roberto Urdaneta Arbeláez, quen tampouco logrou completar o período presidencial, pois este, como presidente interino e o mesmo Gómez, como xefe de Estado titular, foron derrocados nun golpe de Estado promovido polo xeneral Gustavo Rojas Pinilla en 1953. A situación de violencia neses momentos, tanto nos campos do país como nas cidades, chegara xa a tales extremos que todo o país, o Partido Liberal e ata sectores do conservantismo, celebraron aquel acontecemento como un “golpe de opinión”.

Baixo a influencia dos xefes liberais e seducidos en parte polas palabras de Rojas Pinilla na inauguración do seu mandato, lendarios guerrilleiros liberais depuxeron as armas. A lúa de mel do golpista xefe de Estado coa opinión e os partidos tradicionais só durou algo máis de dous anos, pois resolveu enfocar os seus esforzos cara á súa propia reelección para a presidencia. Para iso tivo que apelar á disolución do Congreso e á convocatoria dunha Asemblea Constituínte de peto cuxo principal obxectivo era lexitimar a súa perpetuación no poder.

Criticado severamente polos diarios liberais *El Tiempo* e *El Espectador*, Rojas Pinilla impuxo a censura de prensa e logo, incapaz de frear a oposición cando eses diarios seguiron saíndo con outros nomes, ordenou que se incendiasen a sede do diario *El Tiempo* e a propia casa de Carlos Lleras Restrepo, eminente xefe liberal. A posterior represión de manifestacións estudantís, con saldo de mortos, logrou que callase un movemento de oposición e resistencia denominado Fronte Civil, por volta do que xuntaron as súas forzas os partidos políticos, a Igrexa e o empresariado.

Como culminación de todo, unha folga bancaria terminou derrocando o ditador no 10 de maio de 1957. Sucedeuno no poder unha xunta militar de goberno, integrada por seis xenerais, que convocou a eleccións e un ano despois deixou o poder en mans de Alberto Lleras Camargo, o primeiro dos designados polos representantes da “Frente Nacional”, alianza dos dous partidos selada en Sitges, España, cuxos obxectivos fundamentais foron resolver o conflito armado entre liberais e conservadores⁽³⁾, restablecer a orde democrática e dar paso a unha etapa de gobernos liberal-conservadores en que os dous partidos se sucederían para exercer a presidencia. Estes acordos bipartidistas, dentro dos que cómpre destacar o dereito de sufraxio da muller, foron referendados mediante un plebiscito –o primeiro na historia do país. Foi a segunda vez que Alberto Lleras, reputado xornalista e civilista, obtivo a dignidade de ocupar a presidencia da República.

Teñen razón os analistas que afirman que as Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia, (FARC), tiveron unha orixe agraria e campesiña⁽⁴⁾. Nas condicións internacionais da guerra fría, cunha Unión Soviética situándose como segunda potencia mundial, e no país un Partido Comunista que, aínda que pequeno, era activo, conxugáronse as circunstancias para que ese Partido buscase ligarse con insurxencias armadas como a ocorrida en Marquetalia, liderada por Manuel Marulanda. O Partido Comunista de Colombia, fundado en 1930, foi tradicionalmente unha agrupación gris, minoritaria, sen proxección real no movemento de masas. Os seus vínculos máis claros co campesiñado poden albiscarse nas bases mesmas das zonas de influencia das FARC, en redutos dominados por estas como Marquetalia e Guayaquero, que empezaron a ser sinalados como “zonas vermellas” ou “repúblicas independentes” por sectores recalcitrantes do Partido Conservador como o encabezado por Álvaro Gómez Furtado, quen desde o Parlamento, xa no segundo período presidencial da Frente Nacional (1964-1968), comezou a esixir a represión armada ou exterminio das denominadas “repúblicas”.

Dese goberno, presidido por Guillermo León Valencia, despréndense as campañas de “pacificación” que, baixo o lema de “terra arrasada”, desterraron dos seus redutos a Marulanda e a outros importantes guerrilleiros. Os insurxentes, baixo o mando de Marulanda e outras fronte guerrilleiras, adoptaron desde entón as tácticas da guerra de guerrillas, desprazándose para fuxir da persecución das forzas regulares, recorrendo ao recollemento, a fustigación e outras tácticas similares.

O triunfo da revolución cubana en 1959, liderada por Fidel Castro, trouxo consigo un movemento de simpatía e solidariedade sen precedentes en Latinoamérica. Pero nada comparable ao que ocorreu dous anos despois do mencionado triunfo, en 1961, cando feitos como a invasión de Baía de Cochinos, orquestrada e financiada pola CÍA, máis a declaración de embargo comercial por parte de Estados Unidos

(3) SÁNCHEZ, Gonzalo e PEÑARANDA, Ricardo (compiladores): *Pasado y Presente de la violencia en Colombia*, Editorial Cerec, Bogotá, 1991, páxinas 101-104.

(4) Cuarenta años de las FARC, http://www.bbc.co.uk/spanish/specials/1441_farc.

á illa caribeña, conduciron a que Castro declarase o carácter marxista-leninista da súa revolución.

A partir destes acontecementos desatouse en todo o continente latinoamericano unha onda anti-norteamericana sen precedentes. Non soamente se produciu o achegamento do Partido Comunista de Colombia e das FARC ao castrismo senón que, xa a mediados da década de 1960, outros movementos rebeldes irromperon na escena política de Colombia, entre eles, o Exército de Liberación Nacional (ELN). Este diferénciase esencialmente das FARC en que non establece unha comunión ideolóxica coa Unión Soviética, e máis ben enlázaase ideoloxicamente co guevarismo, coa revolución cubana, coa teoría do “foco insurreccional”. Cuxa raíz social se nutre, contra o que acontece coas FARC, non é o “campesinado”, senón sectores urbanos, intelectuais e universitarios, e ata elementos do movemento Golconda ou de curas partidarios da Teoloxía da Liberación. Por iso, a relación entre as FARC e o ELN, aínda que en determinados momentos da historia intentaron alianzas e accións conxuntas, distinguíuse máis polo distanciamento e ata pola confrontación.

O primeiro e importante proceso de paz entre o Goberno e as guerrillas produciuse durante o período presidencial de Belisario Betancur (1982-1986), un ben intencionado gobernante que abriu as portas do diálogo a todos os grupos insurxentes, pero cuxa xenerosidade foi respondida polo movemento denominado M-19 coa sanguenta tomada, ocorrida no 6 de novembro de 1985, do Palacio de Xustiza⁽⁵⁾, a unhas cuadras do Palacio presidencial. A referida incursión foi seguida da reacción da Policía e do Exército, quen rodearon o edificio e iniciaron unha operación de sanguenta retomada do mesmo. O M-19 pretendía matar ao presidente Betancur porque, segundo eles, este incumpriera acordos asinados no 24 de agosto de 1984. Os feitos culminaron 28 horas despois, deixando un saldo de 55 mortos, entre eles 11 maxistrados. Once persoas máis foron consideradas como desaparecidas ao non coñecerse o seu paradiro, o cal aínda hoxe segue sendo motivo de protestas e marchas de familiares e amigos que reclaman o esclarecemento da verdade do ocorrido nese día coas vítimas. O proceso, logo de ter estado arquivado durante longo tempo, recentemente foi reaberto pola Fiscalía Xeral e varios xenerais que ordenaron ou interviñeron na tal tomada están sendo investigados e atópanse baixo arresto.

O M-19 ten unha orixe moi distinta ao dos outros grupos insurxentes. Aínda que algúns dos seus fundadores como Jaime Bateman Cayón viñan das FARC, a súa ideoloxía está moi lonxe do marxismo-leninismo, identifícase máis cun nacionalismo amorfo. As súas orixes son as mesmas da ANAPO ou Alianza Nacional Popular, de corte nacional-dereitista, un Partido que obedecía os intereses políticos e orientacións do ex ditador Gustavo Rojas Pinilla. A fundación do M-19 prodúcese no ano 1974 como protesta contra a fraude electoral que arrebatou a presidencia a Rojas Pinilla catro anos antes. O seu signo histórico confúndese coa violenta tomada do

(5) GRILLO, Andrés: *La toma del Palacio de Justicia*, material obtido de: http://www.colombialink.com/01_INDEX/index_historia/07_otros_hechos_historicos/0350_toma_palacio_justicia.html.

Palacio de Xustiza e co que se coñeceu como propaganda armada, mais non deixa un só documento programático, unha tese pola que as novas xeracións poidan recoñecer neste movemento unha finalidade patriótica ou democrática.

O xenocidio provocado polo M-19 en novembro de 1985 coa tomada do Palacio de Xustiza, así as forzas regulares extremaran os asaltos e cometeran violacións contra o Dereito Internacional Humanitario, levou este movemento a unha encrucillada. A finais do goberno de Virgilio Barco (1986-1990) e, en vésperas da tomada do poder por parte de César Gaviria (1990-1994), o M-19 entendeu que chegara o momento de buscar un acordo de paz. Encabezou ese esforzo Carlos Pizarro, quen pretendeu arrastrar nun proceso de paz, xunto co seu grupo, as FARC. Logrou durante un mes establecer conversacións con Marulanda para o tal propósito, pero pronto se deu conta de que o plano das FARC trazaba un longo camiño de procura do poder estatal. Regresou aos seus redutos coa convicción de facer que o M-19 asinase uns acordos de paz co goberno, e para iso non tivo inconveniente en declarar que primeiro faría a desmobilización e a entrega das armas, e que logo viría o demais: a declaración do M-19 como unha forza política que buscaría o poder polos medios electorais. O mesmo Pizarro lanzou a súa candidatura á alcaldía de Bogotá, e obtivo unha alta votación.

Posteriormente o M-19 constituíuse, xunto co Movemento de Salvación Nacional de Álvaro Gómez Hurtado e o Partido Liberal, na terceira forza política para a conformación da Asemblea Constituínte de 1991. Todo marchaba exitosamente para este proceso de paz, atraendo mesmo a desmobilización doutras forzas menores como a agrupación Quintín Lame e o Partido Revolucionario dos Traballadores. Infelizmente, cando Carlos Pizarro se achaba en plena campaña electoral, foi asasinado mentres viaxaba nun avión, presumiblemente por elementos das nacentes forzas paramilitares.

A Unión Patriótica (UP) foi un partido político fundado en 1985 como parte dunha proposta política legal de varios actores sociais, entre eles as FARC e o Partido Comunista. Co tempo, a UP apartouse de todo propósito relacionado coa loita armada.

Dous candidatos presidenciais, 8 congresistas, 13 deputados, 70 concelleiros, 11 alcaldes e miles de militantes da UP foron asasinados por grupos paramilitares, por elementos das forzas de seguridade do Estado colombiano e narcotraficantes. Algúns dos sobreviventes do exterminio abandonaron o país.

Acosado en todos os seus flancos polas acusacións de introducir diñeiro do narcotráfico na súa campaña presidencial, o goberno de Ernesto Samper Pizano (1994-1998), non puido encarar con seriedade ningún proceso de negociacións e nin sequera de diálogo cos grupos levantados en armas. Durante ese cuatrienio as súas enerxías esgotáronse practicamente en resistir para non permitir que a oposición interna, combinada coa que lle fixeron os Estados Unidos, o obrigase a renunciar.

Andrés Pastrana, quen protagonizou unha dura competencia polo poder nese período con Samper, logrou finalmente chegar á presidencia en 1998 e gobernou ao

país ata o ano 2002. Enfrontado nunha dura campaña co seu adversario liberal Horacio Serpa, na etapa final da campaña electoral esgrimiou como panca da mesma a bandeira do diálogo e as negociacións coas guerrillas, as FARC en particular, cara a un proceso de paz. Asesores seus valéronse de antigos vínculos co Estado Maior das FARC para que Pastrana obtivese, xa no último tramo da campaña, unha entrevista con Manuel Marulanda. En só un día de conversacións, nun diálogo do cal non quedou ningunha acta, Pastrana acordou co xefe das FARC puntos esenciais do proceso de negociacións no departamento de San Vicente de Caguán que viría despois, xa con aquel como presidente da República. Nada do conversado e acordado entre os dous ese día foi revelado ata o día de hoxe.

O cerne dese proceso foi o establecemento dunha zona de distensión nun territorio de 42.000 quilómetros cadrados, unha meta que as FARC buscaban desde había tempo e que para o país e para a sociedade colombiana non significou nada bo senón, todo o contrario, un cúmulo de episodios negativos. Foi entón cando o país aprendeu a coñecer o significado dese termo: zona de distensión foi e segue sendo para os colombianos sinónimo de entrega de soberanía sobre un territorio para a comisión de secuestros, extorsións, tráfico de estupefacientes, renuncia por parte do Estado ás xurisdicións militar, económica, xudicial, etc.

Os líderes das FARC mobilizábanse por toda esa superficie en vehículos roubados en cidades contiguas ao Caguán, dialogaban coa prensa e con diversos sectores da sociedade nas chamadas “audiencias” do Caguán. Ata alí chegaron non soamente grupos de teatro, sectores da cultura, parlamentarios e empresarios colombianos para coñecer supostamente o “pensamento” das FARC, sobre todos os temas do acontecer nacional senón ata emisarios da Bolsa de Nova York, para entrevistarse con Marulanda. Como o pacto entre Marulanda e Pastrana foi o dunha suposta negociación da paz no medio do conflito, non cesaron as accións terroristas da guerrilla, senón que se mantiveron e ata aumentaron. Os diálogos dos distintos conselleiros de paz do goberno cos encargados das FARC eran malabares por medio dos cales os enviados de Pastrana se queixaban á guerrilla polas novas accións violentas emprendidas mentres aquela recordaba ao goberno que ese fora o pacto: dialogar e negociar no medio da guerra.

O país no seu conxunto era testemuña muda da afronta guerrilleira, dunha burla de anos pola cal as FARC o único que parecían buscar era a prolongación indefinida da farsa negociadora, a fin de descansar, fortalecerse e prepararse para unha tomada do poder estatal, meta á que nunca renunciaron. Fálase da xenerosidade de Pastrana coa guerrilla, da súa total disposición para pactar con ela a paz. E isto é o único certo dese cuatrienio perdido. O resto está marcado pola improvisación, por unha falta de plan levada ao límite, sen que houberse un só rexistro de ata un mínimo cronograma das negociacións, unha axenda, unha folla de ruta que permitise ao goberno e ao país saber de certo cales serían os avances ou os retrocesos, que incumprimentos ou atrasos se producían no camiño, e en fin, cara onde se ía. Todo isto foi a suma da máis supina incapacidade dun dirixente da nación colombiana.

Unha festa da palabra oca foron as audiencias do Caguán, sobre todos os temas habidos e por haber. Un tempo inútil gastado inutilmente en nome da calumniada palabra “paz” e, para as FARC, a perda da máis extraordinaria oportunidade que goberno algún lle concedeu de converterse nunha forza política actuante en todo o país⁽⁶⁾.

Do 3 ao 20 de xaneiro de 2002, foron exactamente 17 días en que o país andou sobre o fio da navalla, abocado á disxuntiva de continuación dos diálogos de paz ou guerra aberta.

Dous días despois das celebracións do Ano Novo, o presidente Pastrana, interpretando a insistente posición das FARC de que se continuaban os controis militares sobre a zona de distensión eles abandonarían a mesa dos diálogos, mostrouse enérxico ao manifestar que ditos controis de ningún modo serían retirados.

De inmediato, a opinión maioritaria do país aliñouse coa posición do presidente.

Seis días despois, o mércores 9 de xaneiro, a disxuntiva exposta polo goberno ás FARC foi a de que estas ou ben recoñecían o mantemento dos controis militares ao redor da zona de seguranza do Caguán ou ben terían un prazo de 48 horas para devolver ao Estado eses 42.000 quilómetros de territorio.

Desas datas do ultimato ao 7 de abril, cando definitivamente se produciron as accións militares para a recuperación do Caguán, foi un período de incerteza e desasosego para un país temeroso de que o rompemento dos diálogos terminase nunha ofensiva terrorista total por parte das FARC. Foron varios os desesperados intentos do delegado da ONU en Colombia e dunha decena de diplomáticos europeos e latinoamericanos por evitar tan negativo desenlace. Viaxaron ata o Caguán, conversaron con membros do Secretariado das FARC, co propio Marulanda entre eles, ata conseguiron a firma de ambas as partes de acordos dirixidos a non retirarse da mesa de negociacións. No núcleo de devanditos acordos estaba o compromiso das FARC de recoñecer os controis militares ao redor da zona de distensión, a cambio do cal o goberno comprometíase a manter esta. Con todo, a pesar dos acordos, a guerrilla insistiu nos ataques armados contra poboacións indefensas, co cal aquela logrou unificar o 90% dos colombianos na súa contra a uns diálogos de paz cuxa única razón de ser parecía o mantemento da área de catro municipios no seu poder.

Do 14 ao 20 de xaneiro, esas personalidades do ámbito nacional e internacional lograron elaborar un cronograma que establecía o 7 de abril de 2002 como data límite para entrar nunha etapa de tregua do conflito armado, exclusión da poboación civil da confrontación, e non máis secuestros nin recrutamento de menores de idade para a guerra.

No entanto, case de xeito simultáneo coa firma do acordo, representativos voceiros das FARC afirmaran para a prensa que, dentro dos puntos acorda-

(6) Proceso de paz del Caguán, texto conseguido en: http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/latin_america/newsid_1752000/1752115.stm.

dos co goberno, esta agrupación insurxente non se comprometía a suspender os ataques.

Unha vez que, o 7 de abril de 2002, Andrés Pastrana ordenou ás distintas unidades das Forzas Armadas regulares recuperar a zona desmilitarizada do Caguán, o país sentiu que o triunfo da candidatura do maior opositor a esa zona, Álvaro Uribe Vélez, estaba garantido e, con iso, afastábase tamén a posibilidade dunha paz negociada. Así como catro anos antes, o achegamento de Pastrana ás FARC deulle a carta de triunfo fronte ao seu rival Horacio Serpa, a sorte volvíase agora do revés para, xunto coa clausura do proceso de paz, asegurar o triunfo do seu maior opositor Álvaro Uribe Vélez.

Unha opinión nacional fatigada do desgastado mecanismo Pastrana-Marulanda segundo o cal era posible manter os diálogos no medio do conflito, foi virando decididamente a favor do candidato Uribe, quen prometía levar a cabo unha política de enfrontamento coa subversión. Uribe sentara ao longo da súa campaña electoral pola presidencia os fundamentos do que sería a súa “política de seguridade democrática”, que se comporía dos seguintes elementos esenciais:

- 1) non a unha zona de distensión das características do Caguán;
- 2) antes de falar da apertura dun novo proceso de diálogos Goberno-subversión, tería que concretarse un acordo de cesamento do fogo e das hostilidades.

Como remate de todo o anterior, os acordos previos á reapertura do proceso terían que estar avalados por un ente ou organismo internacional que fixese de garante do mesmo.

Recordemos como foi a “benvida” que unhas FARC en desbandada deron a Uribe o 7 de agosto de 2002, en momentos en que levaba a cabo a cerimonia da súa posesión ante o Congreso da República: con “fogos pirotécnicos”, cunha andanada de proxectís de morteiros dirixidos contra o Capitolio e o Palacio presidencial da Casa de Nariño. Este dramático episodio, cuxas imaxes de morte e destrución, captadas por centenaes de xornalistas internacionais deron a volta ao mundo en cuestión de segundos, non deixaba dúbida sobre a declaración de guerra desa organización subversiva ao novo goberno desde o seu día inaugural.

O presidente Uribe no día seguinte da súa posesión, empezou a cumprir co camiño trazado no seu Manifesto Democrático, especie de mandato co cal se comprometeu durante a súa campaña, e foi así como ese día reuniu o primeiro Consello de Seguridade. Co anterior, Uribe Vélez sinalou a toda a opinión pública colombiana que o seu pronunciamento sobre a “seguridade democrática” correspondía a unha vontade política real. A fin de que non quedasen dúbidas sobre o seu labor de buscar unha paz negociada ao mesmo tempo que combatería abertamente a guerrilla, o presidente Uribe designou un alto comisionado de Paz.

A resposta das FARC non se fixo esperar. A través dun comunicado de prensa, divulgado por medio da súa axencia de noticias en Internet, as FARC emitiron a súa rotunda negativa a calquera proposta que non puxese novamente cara a cara as dúas partes, goberno e insurxencia, fronte a unha mesa de diálogo. Ademais do

anterior, a agrupación guerrilleira esixía a reasignación, como nova zona de distensión, dunha superficie equivalente ao dobre da comprendida polos catro municipios que conformaban a extensión pactada co ex presidente Pastrana. A contra-resposta do goberno foi que de ningún modo permitiría a existencia dun novo Caguán.

Marulanda lanzou entón unha especie de cruzada nacional que ao comezo bautizou co nome de “troco de prisioneiros” e que logo, ao gañar a simpatía de varios ex presidentes da República e importantes sectores do liberalismo e a esquerda, cambiou polo de “intercambio humanitario”. Este foi unha especie de “cabaliño de batalla” que permitiu ás FARC gañar certo terreo no ámbito político e colocar ás veces contra as cordas o Goberno ante unha realidade como a que vive o país, con varios secuestrados políticos, unha decena de militares, perto de 2.800 deles de carácter extorsivo. Por súa vez, esa agrupación guerrilleira ten nas diversas prisións do país non menos de 700 cadros militares encarcerados que ha de liberar con urxencia para retroalimentar a guerra. Varios dos policías e oficiais do Exército secuestrados levan máis de dez anos nesas condicións.

A política de “seguridade democrática” do presidente Uribe ten como columna vertebral a ofensiva militar sistemática das tres forzas regulares unidas nun só bloque chamado “Forza Omega”, que constitúe un dos maiores obstáculos cos que toparon as FARC. O segundo grande obstáculo é a estratexia aplicada desde fai algúns anos polo Executivo de atacar a retagarda militar e cocaleira desa agrupación no Sur do país mediante o denominado “Plano Patriota”; o terceiro, a rede de informantes da poboación civil; e cuarto, tal como revelaron as mesmas FARC, o xeito como Álvaro Uribe penetra coas súas “audiencias comunitarias” nas “zonas vermelhas”, as antigas bases de apoio da insurxencia.

Así, transcorreron seis anos durante os que Álvaro Uribe como presidente, de modo distinto ao xeito de actuar dos seus antecesores, asumiu en realidade a comandancia xeral das Forzas Armadas. Non se conformou, como o fixeron varios dos seus predecesores, con descargar a tarefa da orde pública nos ombreiros dun ministro de Defensa e un xefe do Estado Maior Xeneral da súa confianza, senón que asumiu o combate frontal á guerrilla como a médula da súa política maior: a seguridade democrática.

Obedecendo a altos coñecementos de estratexia militar como corolario da ciencia política, Álvaro Uribe aplica aquela norma segundo a cal non hai outra maneira de obrigar a sentar ao adversario a negociar a paz que non sexa a de vencelo en combate. E con certeza a tal estratexia deulle resultado. Aínda que no primeiro período do seu mandato as Forzas Armadas lograron determinados resultados, ao abateren certos mandos medios, foi a fins dese período e comezos do segundo cando, comezado pola baixa de comandantes guerrilleiros como o “Negro Acacio”, de Raúl Reyes logo e doutros tres ou catro altos mandos das FARC, o relativo equilibrio na correlación de forzas rompeu a favor das forzas regulares.

A morte de Reyes, o segundo no rango de mando das FARC, que se produciu en marzo de 2008, tivo unhas repercusións desastrosas para o interior da guerrilla,

pois era el quen manexaba as relacións internacionais e tiña nas súas mans a chave do “intercambio humanitario”. Ademais de ser xenro de Manuel Marulanda e gozar da súa plena confianza, era o depositario da memoria das FARC, que se achaba concentrada en dúas computadoras. Alí, en miles de correos electrónicos, pode lerse o historial das relacións desa agrupación con candidatos presidenciais como Rafael Correa, de Ecuador, con mandatarios como o venezolano Hugo Chávez, con ministros e políticos de catorce países latinoamericanos e varios europeos e con membros da oposición colombiana como Piedad Córdoba. Por todo iso é que reiteramos que a morte de Reyes foi o punto de ruptura das FARC e un golpe que levou Marulanda á depresión e á morte como consecuencia, segundo é dito, dun infarto.

Aínda que deste feito se desprende un conflito, que aínda non terminou, de Ecuador con Colombia, que chegou ao momento da ruptura de relacións diplomáticas, vixente ata o presente, o certo é que esa morte tirou a razón á prédica de moitos “violentólogos” colombianos segundo a cal a guerrilla era invencible. O país comezou a respirar con optimismo, convencido agora si de que a “seguridade democrática” era o camiño. Súbose entón que unha das claves fundamentais no golpe mortal contra Reyes fora a rede de intelixencia conformada, é certo, por unidades combinadas do Exército e da Policía, pero tamén, e de xeito sobresaínte, por informantes da poboación civil.

É un feito que, desde fai tempo, a guerra que libra o goberno colombiano contra as FARC e o ELN se internacionalizou. No segundo semestre de 2007, no curso dunha visita do presidente venezolano, Hugo Chávez, a Colombia, Uribe Vélez descargou naquel a responsabilidade de mediador ou facilitador coas FARC para a liberación de secuestrados. Foi un erro político e estratéxico, tendo en conta o historial de relacións do mandatario venezolano con esa agrupación e múltiples eventos delatores do xeito en que extensións do territorio venezolano serviron de santuarios á guerrilla. A xestión mediadora de Chávez só durou ata o 31 de decembro de 2007, cando Álvaro Uribe, logo de decatarse de que aquel chamara telefonicamente o comandante do Exército de Colombia para solicitarlle información privativa das Forzas Armadas, decidiu dar por terminada a súa xestión.

A partir dese momento, as relacións bilaterais entre Colombia e Venezuela deterioráronse de tal modo que chegaron ao límite dunha confrontación armada. Colombia comezou a verse seriamente illada no contexto da maioría de países latinoamericanos, gobernados por mandatarios pertencentes á tendencia chavista ou “bolivariana”. Chávez enfocou todas as súas baterías contra o goberno e contra a persoa de Álvaro Uribe, a quen dirixiu todos os improprios previsibles, entre outros o de “lacaio do imperio ianqui”. As relacións entre os dous países chegaron a un punto tan crítico como o que se produciu por mor das reiteradas ameazas do presidente venezolano de afectar seriamente as relacións comerciais e económicas bilaterais e situar dez mil soldados, acompañados de tanques blindados, na fronteira colombo-venezolana, o cal apareceu ante o mundo, máis que como un xesto histriónico, como unha verdadeira ameaza de guerra.

O goberno de Álvaro Uribe pareceu verse acurrallado no contexto da opinión mundial cando, con pleno apoio dos gobernos de Francia, Arxentina, Chile e o mesmo Brasil, Hugo Chávez proseguiu ruidosamente a súa campaña en favor dun acordo humanitario coas FARC, o que en realidade se concretou coa liberación incondicional de dúas mulleres secuestradas importantes: Clara Rojas, ex fórmula presidencial de Ingrid Betancourt, e Consuelo González, ex deputada da Cámara de Representantes. Este acontecemento produciuse no medio dun estrondoso show mediático, e de aí en diante o presidente francés Nicolás Sarkozy non deixou de insistir un só momento en favor da restauración do papel de Hugo Chávez como mediador ante as FARC para a liberación de máis secuestrados, feito que en efecto se produciu en febreiro de 2008 mediante a liberación, tamén unilateral, de catro dirixentes políticos colombianos.

Consumado este novo suceso, todo o mundo pareceu entender que a chave da liberación dos secuestrados e do comezo mesmo dun proceso de paz no país estaba en mans do mandatario venezolano. Entre tanto, o Secretariado das FARC insistía na súa “inamovible” posición da concesión por parte do goberno dunha zona de distensión que comprendería catro municipios como condición para sentar a negociar a entrega dos secuestrados no seu poder. As palabras e actos de Chávez sincronizábanse cos desexos e esixencias daquel grupo ilegal.

Pero, e ao mesmo tempo, diversos mandos importantes das FARC, incluído outro membro do Secretariado como Iván Ríos, cerebro económico desa organización, seguían caendo: a morte de Ríos ocorreu a comezos de marzo do presente ano, un golpe máis ao corazón de Manuel Marulanda, que se sumou ao infrinxido pola caída de Raúl Reyes. Ríos figurara nas audiencias do Caguán como un próximo alumno de Marulanda en cuestións estratéxicas e un dos máis brillantes sucesores dos máis antigos membros do Secretariado. O peor deste episodio foi que Ríos non foi dado de baixa en combate, senón asasinado mentres durmía polo seu propio xefe de escoltas, cando a Fronte 47 que comandaba se encontraba rodeada polas forzas regulares, escaseaba a comida, as comunicacións co Secretariado estaban cortadas desde facía meses e Rojas, o guerrilleiro que o matou, sabía que se levaba unha proba do seu acto podería acollerse ao programa de desmobilización, aínda que pagaría algúns anos de cárcere polos cargos xudicial na súa contra, recibiría de todos os xeitos unha abundante recompensa en diñeiro. Como proba irrefutable do homicidio cometido, Rojas cercenou unha man do seu ex xefe e levoulla aos altos mandos da brigada militar á que se entregou. Declarou que o próximo xefe das FARC en caer dese xeito sería o propio Jorge Briceño, alias Mono Jojoy, quen desde tempo antes xa non podía durmir cos dous ollos pechados.

Este feito veu sumarse á desmoralización de moitos mandos e combatentes do grupo guerrilleiro, en particular da Fronte 47, que secuestraba e cometía toda clase de crimes na zona cafeteira, ata o punto de que a coñecida como comandante Karina, unha temible comandante desa fronte, entregouse o pasado 18 de maio. Poucos días antes, con perto de mes e medio de atraso, o ministro de Defensa de

Colombia, Juan Manuel Santos, deu a coñecer ao país e ao mundo a noticia de que o xefe máximo das FARC, o lendario Manuel Marulanda, alias “Tirofijo”, falecera no seu histórico refuxio das montañas de Colombia o 26 de marzo. Pouco despois, as propias a FARC, mediante un comunicado emitido por alias Timochenko, membro do Secretariado, confirmaron a noticia da morte de Marulanda, e atribuírona a un infarto.

Este foi un acontecemento culminante na ristra de episodios desafortunados para as FARC, que se sumou ao cerco implacable das Forzas Armadas contra as máis importantes fronteas guerrilleiras no sur do país, nos departamentos do Meta, antigo refuxio histórico do Secretariado, en Caquetá, Tolima, Córdoba, Antioquia e o resto da zona cafeteira. Das máis de 70 fronteas con que contaban as FARC nos tempos da zona de distensión do Caguán, logo de seis anos do goberno de Uribe reducíronse a pouco máis dunhas dúas decenas de fronteas, mentres os seus efectivos, que na época anterior chegaron a sumar uns 24.000, agora víanse mermados a menos de 10.000. Desta dramática redución foi causa fundamental, máis que as baixas infrinxidas en combate, o vigor adquirido pola política de desmobilización de guerrilleiros, que deu conta de decenas de combatentes desertores por semana.

As accións de rescate armado de secuestrados por parte das forzas regulares rexistraran en épocas anteriores dolorosos e tráxicos fracasos. Por iso, a opinión pública e os familiares dos secuestrados, opúñanse de xeito diametral a tales accións. A única fórmula viable parecía estar contida no termo “acordo humanitario”, unha causa convertida en clamor, deformada polas FARC e que de xeito evidente se confundía coa mediación de Chávez, fortemente apalancada polo presidente de Francia. Chávez alzaba a voz cada vez máis, ata o punto de solicitar nun dos seus discursos que o mundo outorgase ás FARC a categoría de forza belixerante. Para el, esta agrupación, considerada terrorista pola comunidade internacional, constituía unha forza con territorio propio e un exército organizado e, en consecuencia, era o momento de que as nacións do hemisferio occidental a liberasen do estigma de terrorista. Isto complicou aínda máis as relacións de Venezuela con Colombia, pero Chávez apenas tivo o respaldo dun goberno, o do nicaraguano Daniel Ortega. O illamento das FARC a nivel internacional fíxose aínda máis evidente.

Nas circunstancias xa referidas, coas súas tropas decimadas, as súas esgotadas fronteas illadas as unhas das outras e todas elas fronte ao Secretariado, cunhas Forzas Armadas regulares á ofensiva, unha política gobernamental acertada de desmobilización de combatentes guerrilleiros, a rede de informantes sumada á intelixencia do Exército, as tres armas das Forzas Armadas estatais: Exército de infantaría, Mariña e Forza Aérea mancomunadas na denominada “Forza Omega”, todo isto agregado ao avance no dominio da tecnoloxía das comunicacións e a forza contundente dos avións bombardeiros, foi creando as condicións para que o pasado 2 de xullo se producise a chamada “Operación Xaque”⁽⁷⁾.

(7) *Después del 'Jaque'*, opinión, diario El Tiempo, Bogotá, 13 de xullo de 2008, páxinas 1-22.

Sobre devandita operación non imos profundar neste ensaio, pois a súa preparación e a súa posta en práctica por parte do Exército colombiano, provisto de selectas unidades de intelixencia, foron amplamente difundidas polos medios de comunicación tanto nacionais como internacionais. Os aspectos máis relevantes desta acción foron:

1) unha acción intelixente, pacífica e respectuosa dos dereitos humanos, sen unha soa vítima, nin sequera no seo do adversario;

2) demostrou a capacidade do Exército para operacións de rescate ao máis alto nivel internacional, e

3) posto que nela foi liberada Ingrid Betancourt, recoñecida como a máis preciosa “coroa” da guerrilla, o desconcerto das FARC foi maiúsculo, ata o punto de que a súa reacción fíxose esperar varios días e, ao final, logo dun esgotador exercicio para saír con algunha resposta ante a opinión, o Secretariado, encabezado xa por Alfonso Cano como substitución de Manuel Marulanda, só puido manifestar que toda a “Operación Xaque” debeuse á traizón dos dous comandantes que estaban a cargo dos 11 secuestrados liberados: Ingrid, sete militares e tres norteamericanos.

Que resta agora, despois dos feitos arriba referidos, despois deste xaque en que as Forzas Armadas colombianas colocaron ás FARC? En canto tempo e mediante que accións se chegará ao “xaque mate”? Non hai que esquecer algúns aspectos fundamentais nesta nova etapa que viven as FARC e a súa relación política e militar co Estado: en primeiro lugar, é certo que os golpes morais, políticos, militares e financeiros asestados polas forzas gobernamentais á agrupación guerrilleira foron contundentes, ata devastadores, pero aínda non é o final do final. As FARC tratan de reagruparse baixo o mando xeral dun intelectual, Alfonso Cano, cuxa maior debilidadade é que non dá a medida do seu antecesor Marulanda, non goza do respecto dentro dos altos e medios mandos das FARC pola súa falta de experiencia militar e de arraigamento nas bases de devandita agrupación. El necesita consolidarse e, por iso, aínda que comprende que a única saída é emprender un proceso de paz, considera que o momento aínda non chegou. Así as cousas, as Forzas Armadas nacionais continuarán a súa arremetida contra as fronteas chave das FARC, aqueles onde se refuxian os máis sobresaíntes líderes das mesmas: Alfonso Cano e o Mono Jojoy, entre outros.

Entre tanto, crece ou mantense en altos índices a popularidade dun presidente, Álvaro Uribe, a quen as grandes maiorías apoian, nomeadamente porque soubo pór o peito á subversión. Se o mesmo Uribe declina lanzarse á reelección para o próximo período 2010-2014, quen asoma como o seu máis probable sucesor é o actual ministro de Defensa, Juan Manuel Santos, en quen aquel depositou a súa confianza para a prosecución da política da “seguridade democrática”.

Recoñecerán por fin as FARC que o camiño da loita armada se esgotou, que é o momento de tratar de conservar algo do que lles resta do seu aparello militar e de convertelo nunha organización que se prepare para a loita polo poder a través da vía electoral? Isto dependerá, en gran parte, da continuada ofensiva das forzas militares

gubernamentais e, en segundo lugar, de que as sucesivas derrotas logren facer cambiar a correlación de forzas no interior das FARC en favor da tendencia máis política (un Alfonso Cano, ex universitario e antropólogo sobre un Mono Jojoy, militarista pero debilitado pola enfermidade), se é que de política se pode falar no seo desa organización guerrilleira⁽⁸⁾.

A outra opción que se desprendería inevitablemente da tüzara vontade de boa parte dos altos mandos guerrilleiros de facerse matar antes que entregarse, é a de percorrer o camiño de facerse liquidar paulatinamente, decretando con iso a dispersión final das súas forzas en bandas de delincuentes comúns. O pobo colombiano espera un final da traxedia moito máis positivo.

Enrique Posada Cano é escritor e economista. Actualmente é director do Observatorio Virtual Asia Pacífico da Universidade Jorge Tadeo Lozano de Colombia.

(8) *Y ahora, solos*, opinión, diario El Tiempo, Bogotá, 16 de xullo de 2008, páxinas 1-18.